



**Transferencias de Créditos 036T/2019 (78/19)**  
**Expte. Cividas: 2019037552**  
**TC – 036T/2019**

### **DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 18 de outubro, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda e polo Sr. Concelleiro Delegado de Servizos Xerais, en data 21.10.2019, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería den Servizos Xerais, mediante providencia asinada o 08 de outubro, visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 28 de outubro de 2019 (ref: 036T/19), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 036-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

#### **Área de gasto 9**

#### **A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N130.9200.21200	Rep mantem e conservac edificios corporación	50.000,00 €
N130.9200.22400	Primas de seguros	59.000,00 €
N130.9202.22201	Comunic. Postais Servizos Xerais	133.427,00 €
N130.9202.22611	Mantemento aplicacións e hosting	30.000,00 €
N130.9202.62600	Plan de Informatización	8.000,00 €
N130.9202.64100	Adquisición software diverso	8.000,00 €
N130.9205.22001	Adquisición de prensa, revistas e publ . Serv Xer	100.000,00 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>388.427,00 €</b>

#### **B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N110.9320.20200	Aluguer oficinas Recaudación	6.286,00 €
N110.9320.22201	Comunicacións Recaudación	127.141,00 €
N110.9320.22706	Contrato asistencia á inspec tributaria	255.000,00 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>388.427,00 €</b>



**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e á **Concellería de Servizos Xerais** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior (actal.), dou fe.

